

... E A RESPOSTA ESTA NO DOGA*Jesus Pereiras López***Propaganda**

A Deputación de Ourense ofertou especies autóctonas (carvallos e castaños a 100 pts, nogueiras a 200 pts), nun programa que vén repetindo nos últimos anos. As solicitudes foron de 70.000 árbores, mais resulta que a Deputación só tiña 1.500 para repartir. E despois queren-nos fazer crer, que son os labregos os que demandan a plantación de eucaliptos!. Non hai dúbida de que a Deputación encontrou un eficaz modo de propaganda, e de 1.500 en 1.500 árbores ao ano, garante a continuidade do programa até a eternidade.

Descentralización

Fai uns días líamos as reseñas dun Plano de mellora xenética e recuperación de especies autóctonas que, dirixido polo Goberno Central, leva varios anos funcionando en centros repartidos por todos os diferentes ecosistemas florestais do Estado, menos o correspondente ao bosque atlántico, que se tiña que desenvolver en Lourizán, pero ao ser transferido á Xunta, este centro quedou fora do plano. Entanto, nos seus gavinetes, están empeñados en conseguir especies de eucalipto que resistan as xeadas, para poder plantá-las por

entre os colectivos labregos e o movemento ecoloxista na defensa dun medio rural fonte de benestar para os seus habitantes e vixiante fronte á degradación ambiental

Os impulsores desta asociación conceden grande importancia ao estudo das técnicas e fundamentos do sistema agrario tradicional galego e das posibilidades de unha evolución cara a modelos distintos ao produtivista actual. Entre outros puntos de interese que se poden atopar no documento que están a debater sinalan a paradoxa de que na actualidade existen produtos como as noces, castañas ou algunhas modalidades de mazás galegas cultivados baixo premisas que en países como Alemaña serían calificadas de "produtos orgánicos" (e polo tanto avaliadas a prezos tamén "orgánicos") e que sen embargo se venden como produtos non diferenciados, perdendo así unha parte do valor que poderían xerar. Para mais información, poñede-vos en contacto con Fernando Malvar/Isabel Torres/Marcelo Castro (xuntos ou por separado), rúa Castelao, 22, 4 piso. Desde aquí, ánimo, e agardamos seguir dando novas deles.

riba dos 500 metros, e... tremade! xa teñen ultimado o programa de introducción da Pseudosuga. Isto non é culpa da descentralización, simplemente é unha desgracia.

Desmemoria

Mais non pasa nada. Só se precisa paciencia. Dentro duns anos alguén se topará de fronte coa falsa panacea dos eucaliptos (xa este ano baixaron os prezos), e falará-se ao fin de repovoación con especies de madeiras nobres, a medio e longo prazo. Non pasará nada, só teremos perdido 30 ou 40 anos. Non haberá culpáveis. Ninguén nos apontará un tanto.

Pasou coas nucleares: recollían estes días os xornais, que 56 centrais da Franza tiñan fugas de auga radiactiva, por fisuras nas vasillas do reactor. Na propaganda anti-nuclear de fai 15 anos xa se advertía dese perigo, para as centrais de tecnoloxía francesa que se estaban a montar en España, hoxe case ninguén se lembra. Así que xa o sabedes, por moi fundamentados que estexan os posicionamentos, por moito que sexa o arsenal científico de apoio, se existen intereses, para eles seguiremos a ser demagogos e carentes de rigor.

Mentras paciencia e consolar-se co DOGA, que as veces dá-nos algunha alegría, como no mes de novembro pasado no que se prorrogaba por un ano máis a inclusión do encoro de Cecebre no Rexisto Xeral de Espazos Naturais. Por todo un ano!. E todos tan contentos. Só uns tolos pedirán que se saquen eses lugares do Rexisto, e se preserven con figuras de protección apropiadas, como é debido, como é urxente neste país que conta coa menor superficie protexida de Europa.

Ben, así teñen-nos colgados do Diálogo Oficial, e a defensa da natureza converte-se en algo emocionante: Será posíbel, para o ano, cazar nas gándaras de Budiño?. Instalarán barbacoas nos Ancares, baixo un cantadeiro de pita do monte?. Impedirá alguén que chegue o coche até o corazón mesmo da devesa da Rogueira?. O vello Dylan mentía: non está no vento, non... A resposta, amigo, sairá no DOGA.

Natureza com pasamáns?

Era um dia caluroso do verao e viaxávamos polo parque nacional de Yellowstone, num dos extremos do Estado nordeamericano de Wyoming. De súpeto, demo-nos cumha fileira de autobuses e um imenso complexo turístico. Gentes de mil procedências, tendas de "souvenirs da natureza" e máquinas de gelados e refrescos enlatados sinalavam que algo importante ia a ocorrer.

Efectivamente, à volta da esquina umhas duas mil persoas rodeavam ansiosamente ao "Old Faithful", umha ribeira de geysers famosos pola sua pontualidade no actuar.

Sorprendentemente existem opiniões contrapostas ante este fenómeno. Os defensores da situação actual argumentam, como bos estadounidenses, que a natureza existe e deve ser protegida para o aproveitamento do home, para elevar o benestar da sociedade. Por iso apoiam a turistización dos lugares naturais, a criação de infra-estruturas (os omnipresentes caminhos ou "trails") e o desfrute em masa. No outro extremo encontra-se um nutrido grupo de persoas que consideram que nom tem senso a "disneylandização" dos impressionantes espaços naturais nordeamericanos.

A polémica está servida e a própria legislação recolhe ambas visões. Deste jeito, os "parques nacionais" estariam basicamente reservados para o seu "consumo" polos seres humanos, justificando-se todas as instalações de apoio com este fim. As "áreas selvagens" (wilderness areas) seriam, sem embargo, zonas protegidas adicadas ao estudo e à preservação das áreas naturais, cum limitado acesso humano.

Pero, ainda considerando que a natureza nom tem um valor por si mesma, e que simplesmente deve observar-se desde um ponto de vista utilitarista, jurde a pergunta de se a aproximação actual é a correcta. Para intelectuais como J.Sax as malfunções som múltiples e evidentes: a situação presente nom só elimina a possibilidade de obter umha experiência vital plena e profunda, senom que existem abundantes oportunidades de substituir as funções que hoje cumprem os parques naturais por médio de zonas verdes próximas aos núcleos de população. Quiça conviria, seguindo este esquema, racionar as possíveis visitas que cada um poda realizar ao longo da sua vida às zonas de maior interese natural, de maneira que a utilidade fornecida por cada umha delas fosse realmente cuantiosa. Simultaneamente conseguiria-se um menor deterioro do entorno e um maior amparo aos seres vivos no seu médio.

Nem que dizer tem que existem muitos elementos soterrados tras deste complexo debate. O fundamental tal vez seja a própria consideração do médio natural (com ou sem valor intrínseco), ainda que indubidavelmente tamém aparecem questões relacionadas coa protecção de espaços e espécies, e coas impopulares restrições de liberdades de uso e acesso que as montanhas "sem pasamáns" poderiam originar no país dos livres.

Xavier Labandeira

ACTIVIDADES AMBIENTAIS E A CORRUPCION NO CONSELLO DA XUVENTUDE

Na auditoria realizada ao Consello da Xuventude descubriron-se graves anomalías contábeis, nas que están implicados o senador lucense do PSOE José Blanco e mais Isidro Nieto, ambos ex-presidentes do referido Consello. Unha das anomalías é que estes dous personaxes inscribiron unha asociación, chamada Xuventude e Sociedade, no Goberno Civil da Coruña 12 días despois de que a mencionada asociación firmara un contrato co Consello por varios millóns de pesetas para un proxecto de actividades en materia ambiental. Cales foron as actuacións medio-ambientais?. É de supoñer que nengunha, se se confirman os destinos dados a mais dos 20 millóns que aparecen sen xustificar e que foron gastados en ano e meio: viaxes a París e Estambul, roupa de señora e neno, gastos no Corte Inglés, etc...

Está claro que estes "chicos" aprenden axiña, mais non é de extrañar cos mestres que tiveron...

A ZONA DE SERVIDUME LITORAL PASA A SER CONTROLADA POLA XUNTA

Debido a varias sentencias do Tribunal Constitucional, que declara nulos certos preceptos da Lei de Costas, a Xunta ven de sacar un decreto polo cal exercerá en exclusiva a potestade de autorizar os usos permitidos na zona de servidume no litoral galego, así como a de impoñer sancións.

Temos que estar vixiantes, dado o pouco interese que desde o Goberno Galego e desde outras instancias controladas polo Partido Popular, mostrou-se sempre por preservar o litoral. De feito sabe-se que hai varios concellos e particulares que estaban esperando a citada regulación para intentar realizar os seus proxectos urbanizadores.

AS BALEAS PERIGAN DE NOVO

En maio deste ano ten-se que reunir de novo a Comisión Baleeira Internacional (CBI), nesta reunión será sometida a votación a proposta Francesa de crear un refuxio para as Baleas no Océano Austral, incluíndo as principais zonas de alimentación das mesmas. Desta maneira algunhas poboacións de baleas poderían emigrar sen perigo desde este refuxio até as áreas de cría no Indico tamén protexidas. O principal oponente a esta proposta é Xapón, que xa amenazou con retirar-se da CBI, se se lle impede retomar a pesca de

baleas no Antártico.

A reunión vai ser fundamental para o futuro destes mamíferos mariños, dado que Noruega tamén esta disposta a retomar a captura de cetáceos (de feito a súa primeira ministra xa anunciou o verao pasado a súa intención de reanudar a caza comercial nese mesmo ano). Aliás este país xunto con Islándia, Groenlândia e Illas Feroe crearon a Comisión de Mamíferos Mariños do Atlántico Norte, destinada claramente a explotación dos cetáceos.

CARPA E ZOO EN COMPOSTELA

O concello de Santiago ven de instalar unha carpa no paseo da Alameda, para a celebración dos actos do Xacobeo 93. Para a súa instalación houbo que talar drasticamente numerosas árbores, aliás de ficar no interior varios camélidos, acivros, etc... que dada a falta de luminosidade e a excesiva presión ambiental á que son sometidos, fai-nos dudar das súas posibilidades de resistir con vida o ano do Pelegrin. Ademais, a afluencia masiva de xente fai perigar a integridade da Alameda, xa moi ameazada na actualidade: verbenas e atraccións nas festas, o recente enlousado, etc... Habendo, por outro lado, lugares alternativos onde colocar a carpa sen perxuro de ninguén.

Como broche inicial o concello instalou no interior da carpa un minizoo, que incluía un chimpancé para poder fotografar-se con el. O símio foi axiña retirado ante a denuncia de infrinxir a legalidade. Mais aínda persisten elementos criticáveis: falta de espazo na que se atopan os animais, presenza de numerosas crias, instalacións inadecuadas. Nós creemos que os zooloxos, de existir, deben reunir unhas condicións de espazo, recreación de hábitats dos animais, etc..., así como manter certos proxectos de investigación, estudo, e desenvolver actividades pedagóxicas que, desde logo, o de Santiago dista moito de cumprir.

TALA DE ARVORES NO CARBALLIÑO

A delegación de ADEGA no Carballiño denunciou no Xuzgado a tala polo pé de varias árbores na vila, así como a poda salvaxe de outras, por individuos sen identificar. Considera ADEGA que o Concello é responsable deste atentado por estar as árbores no casco urbano, e por non tomar medida algunha para investigar estes feitos e esixir responsabilidades. Solicita, aliás, a reposición inmediata das árbores taladas e a repoboación de outras zonas.

NOVAS METODOLOXIAS PARA A PLANTACION DE ARVORES

Hai aproximadamente oito meses producíase unha plantación de piñeiros negros de Oregón nos arredores do edificio da Facultade de Economía de Vigo. O persoal de administración e servizos deste centro foi advertido polos traballadores da necesidade de regar abundantemente e con continuidade este grupo de árbores, co fin de evitar a súa morte. En calquera caso, o tamaño dos exemplares (demasiado maduros) e o momento da plantación (Xullo) facían presaxiar o peor en relación coa súa posíbel supervivencia.

Hai unhas semanas, o grupo de ADEGA de Vigo foi reclamado para observar a situación destas infortunadas árbores. As poucas árbores que contaban con raíces tiñan-nas excesivamente recortadas, co que o seu futuro estaba, desde o comezo, claramente imposibilitado. Pero o peor non era iso, senón que unha boa parte das árbores contaban cun taco de madeira unido ao tronco por medio dun cravo de boas dimensións. Supomos que os responsables do "traballo" imaxinaron que nunha Facultade de Economía non ían entender de métodos de plantación, pero cortar o tronco e substituír a raíz por un taco é excesivamente forte, incluso para economistas!

Imediatamente nos puxemos en contacto con Malvar, a empresa que construíu a Facultade. Estes tomaron-se a molestia de retirar todas as árbores sen consentimento da dirección do centro, comezando polas dos tacos, supomos que para evitar o escándalo. Ante as nosas preguntas, o encargado recoñeceu que eles subcontractaran esta actividade con outra empresa e que, en todo caso, posto que as árbores tiñan un marcado carácter decorativo (chegou a compará-las con árbores navideñas), seica non había que extrañar-se do que ocorrera.

Toda esta falta de sensibilidade ecolóxica e de profesionalidade non vai ficar sen resposta. Estamos dispostos a chegar deica o fondo deste suxo tema, esixindo responsabilidades, e difundindo este asunto na sociedade. É que en 1993 non podemos andar aínda con estas historias.